

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA DE TITULADOS DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO (SUG) E DE FORMACIÓN PROFESIONAL A TRAVÉS DE PROGRAMAS DE BECAS DE FORMACIÓN.

En Santiago de Compostela, a 1 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Ángel Bernardo Tahoces, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da Axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte Santiago Álvarez Iglesias, en nome e representación e como Subdirector Xeral da FUNDACION EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA), con domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Universitario Sur, C.P. 15705, e C.I.F. G15051667.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro. O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destacan a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

O Inega ten como obxectivos básicos o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, no seu caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Coa finalidade de dar cumprimento a este cometido, o Inega deseñou e elaborou a “Estratexia integral de impulso da biomasa térmica en Galicia 2014-2020”, aprobada polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de xullo de 2014. O desenvolvemento desta estratexia leva consigo a execución de medidas concretas como a convocatoria anual de liñas de axudas para a instalación de equipamentos térmicos de biomasa, así como o asesoramento a entidades públicas pertencentes ao sector público autonómico e ao sector público local para o desenvolvemento e execución de proxectos de gran envergadura neste campo.

Así mesmo, o Inega está levando a cabo un plan de acción para o impulso do uso das enerxías renovables, cunha programación que ten o seu horizonte temporal en 2020. Nesa liña no ano 2015 xurde como principal novidade a “Estratexia integral de impulso de enerxía xeotérmica en Galicia 2015-2020”. En desenvolvemento desta estratexia, e dando continuidade á súa función de fomento do uso das enerxías renovables, o Inega convocará no ano 2017 unha liña de axudas, xa iniciada en 2016, a proxectos de enerxías renovables.

Segundo. Que FEUGA é unha entidade de dereito privado, sen ánimo de lucro, fundada po las tres Universidades Galegas e las entidades públicas e privadas, Cámaras de Comercio e Confederacións empresariais asinantes da su Carta Fundacional. Os seus fines diríxense o desenvolvemento da economía e da Sociedade de Galicia e as súas actividades están orientadas o fomento das relaciones Empresa-Universidade como ingrediente básico do incremento dos niveis de formación, de desenvolvemento tecnolóxico e da competitividade das empresas galegas contando entre os seus obxectivos principais contribuir a mellora das capacidades empresariais, aplicar nas empresas os coñecementos e tecnoloxías dispoñibles nas Universidades e mellorar a formación e cualificación dos recursos humanos.

Que a FUNDACION EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA) é unha entidade sen fin de lucro a que resulta de aplicación o réxime fiscal da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo.

Que FEUGA, no seu último Plan Estratéxico recolle, dentro da súa liña de actuación “Recursos Humanos” e como un dos seus principais obxectivos contribuír a inserir profesionalmente aos titulados das tres universidades galegas, conseguindo con elo profesionais máis cualificados, posibilitando con elo a mellora no desempeño profesional dos cadros técnicos das empresas. Así FEUGA promove desde a súa creación, como unha das súas actuacións prioritarias, a formación práctica dos titulados do Sistema Universitario Galego (SUG) a través dos seus Programas de Becas de Formación (PBF) y estudantes (PBE) co fin último de acercar aos recentes titulados do SUG o mundo laboral e preparar a súa futura incorporación o mesmo.

Os Programas de Becas de Formación (PB) FEUGA están deseñados co obxecto de facilitar o progreso no itinerario profesional dos titulados e estudantes, actuando como unha plataforma hasta o mercado laboral, ademais de revelarse como un importante complemento formativo.

Que tales actividades contribúen a mellorar a economía galega e a acercar aos recentes titulados e estudantes do SUG e titulados de Formación Profesional o mundo laboral e preparar a súa futura incorporación o mercado laboral.

É por isto que as actuacións de FEUGA enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade polas características que debe cumprir a entidade destinataria da subvencións, o que dificulta a súa convocatoria pública.

E, en virtude de todo o exposto, as partes encóntranse interesadas en formalizar o presente Convenio, e polo tanto,

ACORDAN

Que para a implantación dos Programas de Becas (PB), FEUGA necesita da colaboración económica e o soporte doutras organizacións e entidades.

Que o INEGA, quere colaborar economicamente no desenvolvemento dos PB, e FEUGA comprométese a difundir a súa colaboración nos mesmos, polo que ambas partes levan a efecto establecer un convenio de colaboración, entre o Inega e Feuga, en virtude do cal o Inega financiará, diferentes accións de formación para a cualificación dos diferentes profesionais e iniciativas de sensibilización e difusión de coñecementos técnicos e mellores prácticas entre prescritesores consumidores e outros axentes sociais.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Feuga para a formación práctica de titulados do Sistema Público Galego a través dos seus Programas de Becas (PB), co fin último potenciar a formación dos recentes titulados e preparar a súa futura incorporación o mundo laboral.

O presente convenio non outorga á entidade a condición de colaborador único, podendo FEUGA contar con máis colaboradores na realización dos seus programas de becas.

SEGUNDA.- beneficiarios

Poderán ser beneficiarios os titulados universitarios e os titulados de FP que cumpran os requisitos establecidos no plan de becas de Feuga e que segundo a súa formación regrada poidan recibir formación práctica relacionada coa sensibilización e difusión de coñecementos técnicos e mellores prácticas entre prescritesores consumidores e outros axentes sociais.

TERCEIRA.- Compromisos de FEUGA

Feuga, consonte ó que prevén as bases reguladoras dos seus programas de becas, velará porque os beneficiarios dos programas de becas contén cun concreto plan de formación no que se incluírán necesariamente os aspectos relacionados coa coa sensibilización e difusión de coñecementos técnicos e mellores prácticas entre prescritesores consumidores e outros axentes sociais, asignándoselle un titor que sexa responsable do seguimento e cumprimento do plan de formación.

Ó longo do desenvolvemento do programa de formación FEUGA velará porque se realicen as periódicas avaliacións e informes de actividades do becario, demais do seguimento, por parte do departamento de becas de Feuga, a través de informes de actividades que o becario debe entregar nos prazos establecidos, realizarase tamén unha avaliación final do becario tanto por parte do seu titor como por parte de Feuga, de forma que se poida constatar o bo aproveitamento do programa de formación.

En cumprimento do establecido no artigo 25 da Lei 49/2002, FEUGA comprométese a difundir a colaboración do INEGA no desenvolvemento das actividades de interese xeral, e en concreto nos programas de becas de formación na súa páxina web, na memoria anual e no seu portal de becas.

A difusión da colaboración poderá efectuarse mediante o uso do logo ou imaxe da entidade colaboradora, sempre e cando se sexa facilitada a FEUGA e autorice a súa utilización para tal fin. En caso contrario para a difusión utilizarase a denominación da entidade colaboradora.

A difusión da colaboración obxecto do convenio se levarase a cabo durante o período temporal que transcorra dende a firma do presente convenio ata a aprobación das contas anuais de FEUGA correspondentes ó exercicio económico correspondente á data do mesmo.

CUARTA.- Compromisos do Inega

O Inega acollerá na súa sede os becarios seleccionados no programa de becas, co fin de que poida adquirir, baixo a supervisión dun titor asignado, coñecementos prácticos nas distintas áreas do Inega, de modo que o final do período formativo perfeccionase os seus coñecementos teóricos e ampliando o campo destes.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non supón ningunha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os beneficiarios do convenio e o INEGA, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, o Inega nin directa nin indirecta, nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos durante a execución da acción conveniada.

SEXTA.- Contía da axuda - financiamento

O Inega achegará para a posibilitar a acción prevista no presente convenio a cantidade de 737,55 € o mes por cada titulado superior universitario é 623,45 € o mes por cada titulado de FP, non podendo superar en ningún caso o importe total do convenio a cantidade de 30.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A2.733A.481.2 (código de proxecto 201600010) do seu orzamento de gastos para o ano 2017.

SÉTIMA.- Xustificación e pagamento

O pagamento a FEUGA efectuarase do seguinte xeito:

1.- O pago realizarse mensualmente, previa xustificación das accións realizadas e a súa comprobación polo persoal do INEGA, mediante transferencia bancaria ó Banco Bilbao Vizcaya Argentaria á c/c a nome de FEUGA nº 0182 5947 1100 0010 2277.

2.- Segundo o establecido no artigo 28 apartado 5 da Lei /9/2007 de subvencións de Galicia, as subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, deberán presentar unha certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da concesión de becas en correspondencia ó importe da subvención en cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

OITAVA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017, non existindo posibilidade de prórroga.

NOVENA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar a correcta execución deste convenio constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, que estará composta por dous representantes un do Inega e outro de Feuga.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas a petición de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- Réxime xurídico.

Todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e Feuga en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da Comisión Mixta de Seguimento, someteranse ó coñecemento da xurisdición contencioso - administrativa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación do real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para

resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril) , así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; pola lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; pola Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións públicas e o resto da normativa de aplicación.

DECIMO PRIMEIRA.- Obrigas de FEUGA

De conformidade co establecido nos artigos 11 e 14 k) e j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas FEUGA as seguintes:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a sinatura do presente convenio.
- b. Xustificar ao Inega o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da axuda.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Inega, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicar ao Inega a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do presente convenio, así como a modificación das circunstancias que tivesen fundamentado a súa sinatura. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar con anterioridade ao outorgamento da axuda que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h. Adoptar as medidas de difusión contidas no presente convenio.
- i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- j. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Feuga declara que non se atopa en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMO SEGUNDA.- Reintegro da subvención

Calquera incumprimento do establecido no presente convenio, das obrigas dos beneficiarios que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados neste Convenio, darán lugar á resolución convenio, coa obriga de reintegro parcial ou total das cantidades percibidas ata o momento tal e como establece o artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

DECIMO TERCEIRA.- Protección de datos.

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolve.

A tal efecto as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos cumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Instituto Enerxético de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 5 CP 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenios de colaboración, faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

Polo INEGA

Por Feuga

Ángel Bernardo Tahoces

Santiago Álvarez Iglesias